



Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra  
Departamento Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Edificio Administrativo de Campolongo  
Avda. Fernández Ladreda 43  
36003 Pontevedra

**Comunicado da permanente da XPD - Pontevedra en contra da proba xeral individualizada en 3º de EP.**

En Pontevedra a 13 de maio de 2015

A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra promoveu diferentes tipo de accións para combater a LOMCE, consciente de que estabamos ante unha lei nociva para o ensino público e galego. Unha lei que impide o dereito á educación de todo o alumnado, acrecenta a privatización e a mercantilización, desterra a igualdade de oportunidades, elimina a xestión democrática dos centros, reforza a confesionalidade, promove a segregación do alumnado e reincorpora as reválidas.

O inicio da aplicación da LOMCE neste curso foi unha improvisación e un desatino absoluto que significou un prexuízo para o funcionamento dos centros e para a calidade do ensino. Agora, a Consellaría de Educación volve a actuar submisamente aos mandatos centralistas e decide someter todo o alumnado de 3º de Primaria a unha proba xeral individualizada que conxuntamente coa prevista para 6º de Primaria son a antesala das reválidas, requisito imprescindible para acceder ao título de ESO e bacharelato.

Temos que facer fronte a este atropelo e evidenciar o fracaso e a improcedencia desta proba que en nada contribúe ao proceso ensino - aprendizaxe nin beneficia o alumnado, xa que:

- É inaxeitado desde o punto de vista pedagóxico someter o alumnado de 8 anos a unha presión innecesaria, mediante unha proba que o vai avaliar baixo estándares uniformizados, sen considerar a educación como un proceso no que hai que avaliar e considerar as circunstancias persoais, socioeconómicas, capacidades e actitudes do alumnado.

- Limitase a avaliar o ámbito lingüístico e matemático, menosprezando a adquisición doutras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico, musical e físico e refusando o ensino da nosa historia e medio natural imprescindíbeis para a formación integral do alumnado.

- Despreza a avaliación continua e a opinión do equipo docente. Ninguén mellor que o titor ou titora ou o equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado e dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

- Subestima e desconfía do traballo do profesorado que estará sometido e totalmente condicionado a orientar o seu traballo docente a preparar o alumnado para a obtención da mellor nota posíbel na avaliación final, marxinando outros aspectos educativos fundamentais nesta etapa educativa.

- Responde á pretensión de conformar rankings de centros, segundo os resultados destas avaliacións e sen ter en conta as características do alumnado e os servizos cos que conta o centro, co obxecto de ir configurando unha rede elitista de centros que contará con máis medios e recursos.

- Pretende ir afirmando un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que vai excluindo os sectores máis desfavorecidos da educación e asentando unha estrutura curricular ao servizo do neoliberalismo.

- Supón tamén un despropósito, xa que os estudos de aprendizaxe que se pretenden avaliar corresponden aos tres primeiros cursos de primaria e o alumnado que vai sufrir as probas só cursou terceiro da LOMCE.

- A Consellaría de Educación malgasta o diñeiro público, malia as múltiples carencias dos centros, e somete o profesorado a unha sobrecarga de traballo coincidindo co final do curso.

Estas e outras moitas razóns son as que levan á Xunta de Persoal Docente de Pontevedra a esixir á Administración a paralización e a retirada da proba de avaliación individualizada de 3º, a instar a Consellos Escolares e Claustros dos centros a aprobar resolucións en contra desta proba e a apoiar a decisión das familias de non enviar aos fillos e fillas aos centros o día da realización da proba xeral de 3º de Primaria (27 e 28 de maio).

Asdo. Xabier Pérez Davila

Presidente da XPD - Pontevedra

**Apoian este comunicado as organizacións sindicais CIG-ensino, FETE-UGT, CCOO, STEG e CSIF ás que pertencen o 93% das delegadas e delegados da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra.**

**INFORMACIÓN SOBRE A XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra (XPD), formada por 41 delegadas e delegados elixidos nas eleccións sindicais realizadas en decembro de 2014, é o órgano de representación do profesorado nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional, así como nos centros de Educación de Adultos, Escolas Oficiais de Idiomas, Conservatorios e Ensinanzas Especiais. A XPD representa a máis de 10.909 profesoras e profesores que imparten as súas aulas nos niveis citados. O traballo deste colectivo realízase en 403 centros públicos nos que cursan os seus estudos máis de 105.000 alumnas e alumnos segundo datos do Instituto Galego de Estatística. Estes datos non inclúen o alumnado das Escolas Oficiais de Idiomas e Conservatorios.